Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dun fragmento a elección do profesorado.

Parte B) Interpretación individual das particellas correspondentes ao seu instrumento sobre as obras programadas para o curso.

Parte C) Interpretación en grupo das obras traballadas durante o primeiro trimestre do curso. Esta proba realizarase nunha sesión de ensaio xeral da agrupación correspondente.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente ao seu instrumento das obras/movements programadas para o curso. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, articulación e fraseo. (40% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar as obras/movements traballadas no primeiro trimestre do curso dentro da agrupación, utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción as indicacións do director/a da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica B correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.5.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dun fragmento a elección do profesorado.

Parte B) Interpretación individual das particellas correspondentes ao seu instrumento sobre as obras traballadas nese trimestre.

Parte C) Interpretación en grupo das obras traballadas nese trimestre do curso. Esta proba realizarase nunha sesión de ensaio xeral da agrupación correspondente na semana de exames previa á sesión de avaliación.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente ao seu instrumento das obras/movements traballadas nese trimestre. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, articulación e fraseo. (40% da puntuación)



- PARTE C): Interpretar as obras/movements traballadas durante ese trimestre do curso dentro da agrupación, utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción as indicacións do director/a da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica B correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dun fragmento a elección do profesorado.

Parte B) Pequena exposición oral presentando as características, contexto e autores das obras interpretadas.

Parte C) Interpretación individual das particellas correspondentes ao seu instrumento sobre as obras programadas para o curso.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B) Pequena exposición do repertorio interpretado (20% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar a parte individual correspondente ao seu instrumento das obras/movements traballadas nese trimestre. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, tempo, ritmo, articulación, fraseo e expresividade adecuado ao carácter e ao estilo da música interpretada. (60% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica C correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.

6.5.5 Recursos didácticos

Ver anexos (punto 9.3 desta programación didáctica).



6.6 Curso: 6º de Grao Profesional

6.6.1 Obxectivos

- a) Interpretar obras representativas do repertorio de orquestra ou banda de acordo co seu nivel instrumental.
- b) Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias do repertorio e en función do nivel de curso: Afinar correctamente tanto de forma individual coma colectiva. Tocar con corrección rítmica, de lectura e de articulación tanto de forma individual coma colectiva.
- c) Controlar a sonoridade, o timbre e a dinámica tanto de forma individual coma colectiva. Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
- d) Dominar con certa corrección o fraseo tanto na interpretación individual coma colectivamente acorde ao indicado polo director/a. Tomar consciencia da importancia da unificación de criterios en canto ao fraseo e carácter dentro da interpretación orquestral e de conxunto instrumental.
- e) Coñecer e saber reaccionar correctamente aos xestos do director/a e as súas indicacións en canto a tempo, dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc. Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas a través do traballo do director/a e da experiencia do grupo que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro deste.
- f) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- g) Amosar una actitude positiva ante a materia así coma interese pola adquisición de novos coñecementos. Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional.
- h) Ser consciente da importancia que teñen as normas e regras internas que rexen a actividade musical en calquera agrupación: realizar una afinación previa, manter a atención de forma continua, valorar positivamente o traballo colectivo e dos compañeiros, manter unha actitude correcta e educada durante as explicacións e/ou interpretación dos compañeiros, etc...
- i) Adquirir uns hábitos de estudo correctos que permitan un aproveitamento efectivo do traballo realizado en cada una das sesión de clase.
- j) Participar nas actividades e actuacións públicas da agrupación propostas para o curso coma fin lóxico do traballo realizado.

6.6.2 Contidos

- Importancia da afinación previa a partir do LA do óboe ou concertino.
- A anacruse como movemento básico da práctica do grupo.
- Desenvolvemento do oído para o control permanente da afinación dentro da agrupación.
- Lectura a primeira vista adecuada ao seu nivel técnico.



- Adestramento permanente e progresivo da repentización tanto individual coma colectivamente.
- Dominio da precisión rítmica e da articulación tanto de modo individual coma colectivamente segundo o indicado polo director/a. Desenvolvemento da igualdade en ataques, golpes de arco, etc.. (Mínimo exixible)
- Dominio da sonoridade, timbre e dinámica propia e do empaste dentro do grupo e corrección dos planos sonoros conforme ao indicado polo director/a. (Mínimo exixible)
- Coñecemento da xestualidade básica na dirección musical: tempo, anacrusa, matices e planos sonoros, articulación, fraseo, carácter, etc. (Mínimo exixible)
- Iniciación á comprensión dende un punto de vista práctico das estruturas musicais nos seus distintos niveis e dominio e corrección do fraseo tanto de modo individual coma colectivamente acorde ao indicado polo director/a.
- Coñecemento e adopción das normas de comportamento e prácticas habituais dentro das agrupacións instrumentais (afinación previa, atención continua, valoración positiva do traballo colectivo e dos compañeiros, actitude correcta e educada en cada una das sesión de clase e nas actuacións públicas...)
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e apropiados. Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do director ou da directora, responsabilidade de anotar as indicacións, etc. Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Traballo por seccións.
- Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación.

6.6.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que esta programación estará publicada na web do centro e o alumnado e as familias poderá consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1. Participar activamente nas clases. Estudiar a parte individual correspondentes das obras do repertorio programado. Respetar en todo momento as normas básicas de funcionamento dunha agrupación. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del, o grao de esforzo e o respecto pola interpretación musical.
2. Ler a primeira vista pequenos fragmentos adecuados ao seu nivel técnico. (Mínimo exixible)



3. Interpretar a parte individual correspondente ao seu instrumento. Demostrar coñecemento e dominio suficiente da técnica do instrumento propio para interpretar o repertorio programado. Amosar un control da afinación, sonido, tempo e ritmo seguindo as indicación de dinámica e agónica indicadas na partitura. (Mínimo exigible)
4. Interpretar por seccións as obras programadas durante o curso. Capacidade para adecuar o propio son ao da familia correspondente e a precisión de ataques e entradas de acordo coa anacruse do director/a. Amosar capacidade de escoita das outras partes unificándose o grao de afinación harmónica e do conxunto, integración rítmica no conxunto seguindo o tempo marcado polo director/a e precisión para reaccionar ante as súas indicacións. Este criterio pretende comprobar a integración no conxunto en xeral e por seccións. (Mínimo exigible)
5. Participar nas actividades e actuacións públicas organizadas pola materia, salvo ausencia motivada e xustificada debidamente. Este criterio constata a actitude necesariamente disciplinada do instrumentista na orquestra, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa contribución dentro do equilibrio de planos do conxunto e a súa adecuación ao carácter e estilo que marca o director ou a directora.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- a) Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.
- b) Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira sesión de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise do grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia.
- b) Coñecemento personalizado das características do alumnado e da súa situación persoal, familiar e emocional que facilite a planificación docente e o desenvolvemento da acción tutorial.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes **ferramentas** para a avaliación do alumnado:



- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nos ensaios, as audicións e concertos organizados na materia. (20% da nota). No caso de non poder participar no concerto ou audición programado o alumno/a deberá notificalo con suficiente antelación para que o profesor/a poda avaliar esta parte dentro dun ensaio seccional.
- Probas individuais de nivel se o profesor/a o considera necesario dado o elevado número de alumnado en cada sesión.

Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro das ferramentas de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun **caderno de seguimento do alumnado** co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das **rúbricas** correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media ponderada das tres cualificacións parciais axustada ás seguintes porcentaxes: 1º trimestre 30%, 2º trimestre 30% e terceiro trimestre 40%.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

- INTERESE E ACTITUDE FRONTE A MATERIA: participación activa nas clases e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos; calidade e regularidade no estudo autónomo. (20% da cualificación).
- INTERPRETACIÓN INDIVIDUAL: Dominio técnico necesario do propio instrumento para interpretar as obras propostas na agrupación: calidade do son, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, dinámica, fraseo e expresividade. (mínimo esixible) Lectura a primeira vista. (40% da cualificación).
- INTERPRETACIÓN NA AGRUPACIÓN: capacidade de adaptación dentro da sección e da agrupación en xeral, capacidade de escoita para adecuarse e integrarse na afinación, na sonoridade, no ritmo e na articulación dentro da súa sección. Capacidade de escoita das outras seccións para unificar sonoridades, afinación harmónica e unificación de ataques e articulacións. Reacción e seguimento as indicación do director/a, control e seguridade durante a interpretación, capacidade de reacción as posibles correccións. (40% da cualificación). (mínimo esixible). Participación nas actividades e actuacións públicas organizadas pola materia.



A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a Rúbrica A correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dun fragmento a elección do profesorado.

Parte B) Interpretación individual das particellas correspondentes ao seu instrumento sobre as obras programadas para o curso.

Parte C) Interpretación en grupo das obras traballadas durante o primeiro trimestre do curso. Esta proba realizarase nunha sesión de ensaio xeral da agrupación correspondente.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente ao seu instrumento das obras/movements programadas para o curso. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, articulación e fraseo. (40% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar as obras/movements traballadas no primeiro trimestre do curso dentro da agrupación, utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción as indicacións do director/a da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica B correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.6.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dun fragmento a elección do profesorado.

Parte B) Interpretación individual das particellas correspondentes ao seu instrumento sobre as obras traballadas nese trimestre.

Parte C) Interpretación en grupo das obras traballadas nese trimestre do curso. Esta proba realizarase nunha sesión de ensaio xeral da agrupación correspondente na semana de exames previa á sesión de avaliación.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B): Interpretar a parte individual correspondente ao seu instrumento das obras/movements traballadas nese trimestre. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, articulación e fraseo. (40% da puntuación)



- PARTE C): Interpretar as obras/movements traballadas durante ese trimestre do curso dentro da agrupación, utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción as indicacións do director/a da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.(40% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica B correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dun fragmento a elección do profesorado.

Parte B) Pequena exposición oral presentando as características, contexto e autores das obras interpretadas.

Parte C) Interpretación individual das particellas correspondentes ao seu instrumento sobre as obras programadas para o curso.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B) Pequena exposición do repertorio interpretado (20% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar a parte individual correspondente ao seu instrumento das obras/movements traballadas nese trimestre. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, tempo, ritmo, articulación, fraseo e expresividade adecuado ao carácter e ao estilo da música interpretada. (60% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante Rúbrica C correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.



6.6.5 Recursos didácticos

Ver anexos (punto 9.3 desta programación didáctica).



7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de conxunto instrumental deixarase constancia deste seguimento así coma de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Sen perxuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, un análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así coma sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.



9 ANEXOS

9.1 Probas de acceso a outros cursos

9.1.1 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como con dúas copias das partituras do repertorio escollido para a súa interpretación perante o tribunal.

A proba consistirá en:

Parte A) Lectura a primeira vista dunha parte ou fragmento correspondentes ao nivel técnico do curso a elección do profesorado.

Parte B) Pequena exposición oral presentando as características, contexto e autores das obras interpretadas.

Parte C) Interpretación das particellas das obras publicadas na web do centro no apartado “probas de acceso a outros cursos”. O alumnado descargará as particellas correspondentes á súa especialidade instrumental e curso polo que aspira e interpretará os fragmentos que lle indique o tribunal examinador.

Contidos

Os indicados nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

- PARTE A): Ler a primeira vista correctamente e con fluidez un pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. (20% da puntuación)
- PARTE B) Pequena exposición oral do repertorio interpretado (20% da puntuación)
- PARTE C): Interpretar as particellas das obras publicadas na web do centro. Amosar na interpretación un control da afinación, sonoridade, tempo, ritmo, articulación, fraseo e expresividade adecuado ao carácter e ao estilo da música interpretada. (60% da puntuación)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica C correspondente (ver anexos). O grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que o/a aspirante pretenda acceder.

9.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.



9.3 Repertorio orientativo por especialidades

Big Band

- The Way you look tonight, de Nelson Riddle
Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

Orquestra Xuvenil

- NELSON, SHEILA :Tunes for my string orchestra , Boosey and Hawkes. More tunes for my string orchestra, Boosey and Hawkes. Quartet club 1 e 2, Boosey and Hawkes. Christmas Tunes for my String Orchestra
- TONY OSBORNE: Travels in Style. Suite and Light. Bytes and Pieces.
- HUWS JONES, E: Funky, Monkey and Friends. Christmas Round the World. Stringsets. Battles and Brawls. Stringsets
- PAT LEGG: Let´s Dance, Let´s Dance Again.
- HUWS JONES, E.: Violinists of the Pietá. Strigsets.
- PAMELA WEDWOOD: Jazzing about Suite. (E. Faber Music)
- BARTOK: Ten pieces from the series “for children” (Leggiero Series Editio Musica Budapest)
- CORELLI: Concerti grossi op 6. (Leggiero Series Editio Musica Budapest) GLUCK: Sinfonia en Sol
- TELEMANN: Selección de pezas da Suite Don Quixote
- B. BRITTEN :Welcome Suite (Arr. Osborne).
- K. J .PUNWAR : Adventure Suite. Alfred publishing.
- G. BIZET Suite from Carmen (String Ensemble) Faber edition.
- DAY: Tango misterioso
- NEWBOLD: Calypso Sea 1. Trad/ Bob Philips: Christmas Bells for Smart Phone or Tablet (Belwin string series).
- R. MEYER: Ludwig´s Tango. Alfred Music. String Explorer series. Conductor score and parts. Who is Who?. An Introduction to the string Orchestra(Alfred Music). Rosing Eating Zombies from Outer Space for string orchestra (Alf. Mus.)
- MAHLER/ PFeil: Symphony no 1, 3rd movement theme for string orchestra (Belwing)
- Pezas da Serie Leggiero Series Editio Musica Budapest para orquestra de corda de nivel intermedio.
Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

Orquestra Sinfónica

- Beethoven: Overturas Coriolano e Egmont
- Beethoven: Sinfonías
- Berlioz: Marcha Húngara
- Bizet: Carmen, Suite #2
- Bizet: L’Arlesienne Suite 1 e 2
- Bizet: Sinfonía no 1



- Corelli: Concertos Grossos, Op. 6
- Dvorak: Danzas Eslavas
- Elgar: Variaciones Enigma
- Faure: Pavana, Op. 50
- Faure: Pelleas y Melisande, Op. 80
- Grieg: Peer Gynt Suite No. 1 e 2
- Haydn: Sinfonías
- Mascagni: Intermezzo da Cavalleria Rusticana
- Mendelssohn: Sinfonías 1 e 5
- Mozart: Overturas de Don Giovanni, da Frauta Mágica e das Bodas de Fígaro
- Mozart: Sinfonías
- Offenbach: Overtura da Bela Helena
- R-Korsakov: Capriccio Espagnol, Op. 34
- R-Korsakov: Overtura da Pascua Rusa, Op. 36
- Rossini: Overturas da Italiana en Alxer, do Barbeiro de Sevilla e do Señor Bruschino.
- Saint-Saens: Bacanal de "Samson e Dalilah"
- Schubert: Sinfonías
- Sibelius: Finlandia
- Smetana: Tres danzas da Novia Vendida
- Strauss, Jr.: Danubio azul, Op. 314
- Tschaikowsky: Symphonies 4 y 5
- Tschaikowsky: Marcha Slava, Op. 31
- Verdi: Overtura de Nabucco
- Wagner: Lohengrin: Introducción ao Act III

9.4 Rúbrica (A) de avaliación continua (avaliacións trimestrais)

ALUMNO/A:		CURSO:		ESPECIALIDADE:		PROFESOR/A:			
CRITERIOS / VALOR		0,4 puntos	0,8 puntos	1 puntos	1,2 puntos	1,4 puntos	1,6 puntos	1,8 puntos	2 puntos
Interese e actitude 20%	Participación activa nas clases e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos	Non amosa ningún interese nas clases nin as correccións e/ou indicacións do docente	Apenas amosa interese nas clases. Non soe atender as correccións e/ou indicacións do docente	Amosa escaso interese nas clases. Presta certa atención pero non se esforza en seguir as indicacións	Amosa pouco interese pero presta atención e intenta seguir as indicacións do docente.	Amosa interese e presta atención nas clases.	Amosa interese. Presta atención e segue as indicacións e correccións do docente.	Amosa sempre interese. Presta atención e esforzase en seguir as indicacións.	Amosa un alto interese nas clases. Presta moita atención e esforzase en todo momento.
	Lectura a primeira vista da partitura ou fragmentos da partitura. <i>C. MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non é capaz de ler a primeira vista pequenos fragmentos de partitura	Presenta moita dificultade na lectura a primeira vista. Non é capaz de seguir a partitura.	Pode ler e seguir a partitura pero con dificultade e algúns erros. <i>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Apreciase algunha dificultade pero é capaz de seguir a partitura	Pode ler correctamente as notas pero non responde as indicacións de dinámica e agóxica	Lé correctamente as notas e responde as indicacións de dinámica e agóxica	Lé con bastante fluidez e responde as indicacións de dinámica e agóxica	Lé con moita fluidez e sen ningunha dificultade as notas e as indicacións da partitura
Interpretación Individual 40%	Control da afinación e da sonoridade seguindo as indicacións de dinámica. Control do tempo e do ritmo seguindo as indicacións de agóxica <i>C. MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non ten control sobre a sonoridade ni a afinación do instrumento. Non é capaz de manter o tempo e o ritmo durante a interpretación.	Presente moitas dificultades no control da sonoridade e a afinación. Presenta moitas dificultades para manter o tempo e o ritmo durante a interpretación	Presenta algunha dificultade na sonoridade e falta de control da afinación. Apareciase certa dificultade para manter o tempo e o ritmo. <i>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Ten boa sonoridade pero falta control da afinación e das indicacións de dinámica. Mantén un tempo e ritmo estable na interpretación pero con dificultade nas indicacións de agóxica	Controla a sonoridade e a afinación pero non se aprecian as indicacións de dinámica. Mantén un tempo e ritmo estable na interpretación e aprecianse algunhas indicacións de agóxica	Ten un bo control da sonoridade e da afinación. Apareciase as indicacións de dinámica. Mostra seguridade e control do tempo, ritmo e indicacións de agóxica	Amosa moi bo control da calidade do son e da afinación. Interpreta sen problema respetando as indicacións de dinámica. Mostra moita seguridade e control do tempo, ritmo e indicacións de agóxica.	Amosa un excelente control da calidade do son e da afinación. Interpreta sen problema respetando as indicacións de dinámica. Mostra un excelente control do tempo, ritmo e indicacións de agóxica
	Adaptación ao grupo en canto a sonoridade, articulación e estilo adecuado <i>C. MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non é capaz de tocar a/as obra/s planificadas nin de adaptarse a o ritmo de traballo do grupo	Presenta moitas dificultades técnicas para adaptarse ao grupo. Non reacciona as indicacións do director/a	Amosa dificultades técnicas de adaptación ao grupo pero esforzase por corrixilas. Reacciona con dificultade as indicacións do director/a <i>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Apreciase algunha pequena dificultade na adaptación da sonoridade e afinación en grupo. Reacciona correctamente as indicacións do director/a	Adáptase ben á afinación e sonoridade do grupo pero ten dificultade na articulación e estilo da interpretación. Reacciona correctamente as indicacións do director/a	Adáptase correctamente á ao grupo. Non presenta dificultades para adecuarse á afinación, sonoridade, articulación ou estilo do grupo. Reacciona rapidamente as indicacións do director/a	Amosa seguridade para escoitar as demais partes e integrarse nos aspectos técnicos do grupo. Reacciona as indicacións do director/a e é capaz de tomar iniciativa para adaptarse	Amosa un excelente control para escoitar as demais partes e integrarse nos aspectos técnicos do grupo. Reacciona as indicacións do director/a e anticipase as correccións necesarias para adaptarse
Interpretación na agrupación 40%	Participación nas actividades e concertos organizados no curso	Non participou en ningún concerto nin actividade e sen causa xustificada	Faltou a algún concerto ou actividade e sen causa xustificada	Faltou a algún concerto ou actividade pero tiña causa xustificada	Participou nos concertos e actividades pero con pouco interese e implicación	Participou activamente nos concertos e actividades mostrando unha actitude e interese correctos	Participou activamente nos concertos e actividades mostrando moito interese e implicación	Mostra unha gran implicación e interese na participación en actividades e concertos sentíndose protagonista	Mostra unha excelente implicación e interese na participación e apreciase o seu protagonismo
	Observacións:								Cualificación:

9.5 Rúbrica (B) de avaliación puntual para o caso en que a avaliación continua non sexa posible e para a ampliación de matrícula)

ALUMNO/A:		CURSO:		ESPECIALIDADE:		PROFESOR:			
CRITERIOS / VALOR		0,4 puntos	0,8 puntos	1 puntos	1,2 puntos	1,4 puntos	1,6 puntos	1,8 puntos	2 puntos
Lectura a primeira vista 20%	Lectura a primeira vista da partitura ou fragmentos da partitura. C. <i>MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non é capaz de ler a primeira vista pequenos fragmentos de partitura	Presenta moita dificultade na lectura a primeira vista. Non é capaz de seguir a partitura.	Pode ler e seguir a partitura pero con dificultade e algúns erros. <i>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Apreciase algunha dificultade pero é capaz de seguir a partitura	Pode ler correctamente as notas pero non responde as indicaciones de dinámica e agóxica	Lé correctamente as notas e responde as indicaciones de dinámica e agóxica	Lé con bastante fluidez e responde as indicaciones de dinámica e agóxica	Lé con moita fluidez e sen ninguna dificultade as notas e as indicacións da partitura
CRITERIOS / VALOR		0,8 puntos	1,6 puntos	2 puntos	2,2 puntos	2,8 puntos	3,2 puntos	3,6 puntos	4 puntos
Interpretación individual 40%	Control da afinación e da sonoridade seguindo as indicacións de dinámica. Control do tempo e do ritmo seguindo as indicacións de agóxica C. <i>MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non ten control sobre a sonoridade ni a afinación do instrumento. Non é capaz de manter o tempo e o ritmo durante a interpretación.	Presente moitas dificultades no control da sonoridade e a afinación. Presenta moitas dificultades para manter o tempo e o ritmo durante a interpretación	Presenta algunha dificultade na sonoridade e falta de control da afinación Apreciase certa dificultade para manter o tempo e o ritmo. <i>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Ten boa sonoridade pero falta control da afinación e das indicacións de dinámica Mantén un tempo e ritmo estable na interpretación pero con dificultade nas indicacións de agóxica	Controla a sonoridade e a afinación pero non se aprecian as indicacións de dinámica Mantén un tempo e ritmo estable na interpretación e aprecianse algunhas indicacións de agóxica	Ten un bo control da sonoridade e da afinación. Aprecianse as indicacións de dinámica Mostra seguridade e control do tempo, ritmo e indicacións de agóxica	Amosa moi bo control da calidade do son e da afinación. Interpreta sen problema respetando as indicacións de dinámica. Mostra moita seguridade e control do tempo, ritmo e indicacións de agóxica.	Amosa un excelente control da calidade do son e da afinación. Interpreta sen problema respetando as indicacións de dinámica. Mostra un excelente control do tempo, ritmo e indicacións de agóxica
Interpretación na agrupación 40%	Adaptación ao grupo en canto a sonoridade, articulación e estilo adecuado C. <i>MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Non é capaz de tocar a/as obra/s planificadas nin de adaptarse a o ritmo de traballo do grupo	Presenta moitas dificultades técnicas para adaptarse ao grupo. Non reacciona as indicacións do director/a	Amosa dificultades técnicas de adaptación ao grupo pero esforzase por corrixilas. Reacciona con dificultade as indicacións do director/a <i>VALOR MÍNIMO ESIXIBLE</i>	Apreciase algunha pequena dificultade na adaptación da sonoridade e afinación en grupo. Reacciona correctamente as indicacións do director/a	Adáptase ben á afinación e sonoridade do grupo pero ten dificultade na articulación e estilo da interpretación. Reacciona correctamente as indicacións do director/a	Adáptase correctamente á ao grupo. Non presenta dificultades para adecuarse á afinación, sonoridade, articulación ou estilo do grupo. Reacciona rápidamente as indicacións do director/a	Amosa seguridade para escoitar as demais partes e integrarse nos aspectos técnicos do grupo. Reacciona as indicacións do director/a e é capaz de tomar iniciativa para adaptarse	Amosa un excelente control para escoitar as demais partes e integrarse nos aspectos técnicos do grupo. Reacciona as indicacións do director/a e anticipase as correccións necesarias para adaptarse

9.6 Rúbrica (C) para a avaliación extraordinaria e para as probas de acceso a calquera curso de Grao Profesional

ALUMNO/A:		CURSO:		ESPECIALIDADE:		PROFESOR:			
CRITERIOS / VALOR		0,4 puntos	0,8 puntos	1 puntos	1,2 puntos	1,4 puntos	1,6 puntos	1,8 puntos	2 puntos
Lectura a primeira vista 20%	Lectura a primeira vista da partitura ou fragmentos da partitura. C. MÍNIMO ESIXIBLE	Non é capaz de ler a primeira vista pequenos fragmentos de partitura	Presenta moita dificultade na lectura a primeira vista. Non é capaz de seguir a partitura.	Pode ler e seguir a partitura pero con dificultade e algúns erros. VALOR MÍNIMO ESIXIBLE	Apreciase algunha dificultade pero é capaz de seguir a partitura	Pode ler correctamente as notas pero non responde as indicaciones de dinámica e agóxica	Lé correctamente as notas e responde as indicaciones de dinámica e agóxica	Lé con bastante fluidez e responde as indicaciones de dinámica e agóxica	Lé con moita fluidez e sen ningunha dificultade as notas e as indicacións da partitura
Presentación do repertorio 20%	Pequena exposición oral presentando as características, contexto e autores	Non fai presentación	A presentación non está adecuada ao repertorio	A presentación oral é de baixa calidade	A presentación oral é correcta pero con poucos datos apropiados do repertorio	A presentación oral é correcta é con datos apropiados do repertorio	A presentación oral é boa é con datos apropiados do repertorio	A presentación oral é moi boa e ten contidos interesantes	A presentación oral é moi boa e ten contidos moi interesantes e destacables
	Control da afinación e da sonoridade seguindo as indicacións de dinámica C. MÍNIMO ESIXIBLE	Non ten control sobre a sonoridade ni a afinación do instrumento.	Presente moitas dificultades no control da sonoridade e a afinación do instrumento.	Presenta algunha dificultade na sonoridade e falta de control da afinación VALOR MÍNIMO ESIXIBLE	Presenta unha boa sonoridade pero falta control da afinación e das indicacións de dinámica	Controla a sonoridade e a afinación do instrumento pero non se aprecian as indicacións de dinámica	Controla a sonoridade e a afinación do instrumento. Aprecianse as indicacións de dinámica	Amosa moi bo control da calidade do son e da afinación do instrumento. Interpreta sen problema respetando as indicacións de dinámica	Amosa un excelente control da calidade do son e da afinación do instrumento. Interpreta sen problema respetando as indicacións de dinámica
	Control do tempo e do ritmo seguindo as indicacións de agóxica C. MÍNIMO ESIXIBLE	Non é capaz de manter o tempo e o ritmo durante a interpretación	Presenta moitas dificultades para manter o tempo e o ritmo durante a interpretación	Apreciase certa dificultade para manter o tempo e o ritmo. VALOR MÍNIMO ESIXIBLE	Mantén un tempo e ritmo estable na interpretación pero con dificultade nas indicacións de agóxica	Mantén un tempo e ritmo estable na interpretación e aprecianse algunhas interpretacións de agóxica	Mostra seguridade e control do tempo, do ritmo e das indicacións de agóxica	Mostra moita seguridade e control do tempo, do ritmo e das indicacións de agóxica durante a interpretación	Mostra un excelente control do tempo, do ritmo e das indicacións de agóxica durante a interpretación
	Dominio da articulación. Expresividade na interpretación	Non ten control técnico da articulación do instrumento. Non se aprecia ningunha expresividade na interpretación	Ten moitas dificultades no control técnico da articulación do instrumento. Non se aprecia ningunha expresividade na interpretación	Aprecianse dificultades no control da articulación do instrumento. Amosa intentos de fraseo durante a interpretación	Non presenta problemas de articulación e interpreta con expresividade algúns pasaxes	Non presenta problemas de articulación. Interpreta as frases importantes con control e expresividade	Apreciase durante a interpretación un bo control da técnica de articulación e da expresividade	Apreciase durante a interpretación dominio da articulación e gran expresividade	Apreciase durante a interpretación un excelente dominio na articulación e da expresividade
Observacións:								Cualificación:	